



FESTICLOWN CISXORDANIA 2010

FESTIVAL INTERNACIONAL DE CLOWN EN PALESTINA

52,917



Sede Galicia
0034 981 582 836
info@festiclow'n.org
www.festiclow'n.org
Apdo. 2036
Santiago de Compostela

Sede Catalunya
0034 933 317 185
info@festiclow'n.org
www.festiclow'n.org
Carrer Finlandia 10, bajo 2ª
08014, Barcelona



COLABORADORES:



OS INICIOS

...A humanidade non é un dereito nin unha condición, é unha rede invisible que rodea todos os corazóns que habitan este planeta. Cada vez que alguén ataca esta membrana en calquera lugar do mundo o corazón colectivo que todas somos reséntese. Reséntese polo golpe pero tamén se resente polo silencio covarde. Hoxe máis que nunca a nosa humanidade está a proba. Se nos queremos seguir sentindo parte dun valor universal que lle dea sentido á nosa presenza neste espazo e neste tempo, deberemos responder a esta agresión contra o ser humano que están a vivir os nosos conxéneres palestinos.

*A risa é o alimento do corazón,
a esperanza do futuro.*

**Iván Prado, 31 de decembro de 2008
San Cristóbal de las Casas, México**

Con estas palabras daba comezo a maior aventura do triunvirato Festiclown (Festival Internacional de Clown de Galicia con preto de medio millón de espectadores no seu haber), Coperactiva Cultural (empresa alternativa con 10 anos de historia) e Pallasos en Rebeldía (colectivo artístico na fraternidade internacionalista).

Despois da caravana de Pallasos en Rebeldía a Palestina en abril do 2009, da que nacería o documental Mashí Trasi que Trasi xurdiu o proxecto máis ambicioso no que nos embarcamos este grupo humano que suma tamén os corazóns e as enerxías de: Asociación Siroco, Colectivo Gong de Pineda de Mar, Galiza por Palestina, o Magiclown de Ibiza e máis colectivos sociais que difunden o noso documental e dan soporte á nave que vai.

Un soño que cada día se achega máis a ser unha realidade esperanzadora: trasladar o FESTICLOWN, que leva 10 anos en Galicia, ao corazón do conflito máis longo e vergonzoso dos últimos 50 anos.



A xente do circo palestino é a mellor metáfora do que a esperanza implica para o ser humano, persoas que levan as artes circenses ao corazón do conflito que é o mesmo que o propio corazón da humanidade.

Todos falan ante as nosas cámaras, todos teñen palabras que removen a nosa alma. Un fala do compañeiro de xogos que mataron nos seus brazos e de como a impotencia de non poder levalo a rastro a tempo ao hospital aínda o persegue hoxe. Outro fala dos seus soños como palestino e home de circo, soños que soan sinceros ante a cámara pero que están cargados de vida e resistencia.

Outro cóntanos por qué vai ter un fillo en Palestina e o vai criar entre tanta inxustiza e violencia. A razón é tan fermosa coma que o circo tamén é o seu fillo e non o pode deixar abandonado...

**IV Crónica Iván Prado,
Palestina '09**



Isto escribiámoslles aos nosos irmáns do Circo Palestino de Ramala (www.palcircus.ps) e de Human Supporters de Nablús (www.humansupporters.org), as entidades que se comprometeron a dar estrutura e solidez ao festival, nun país no que os checkpoint e os toques de queda israelís fan imposible garantir nada, esperemos que para as datas previstas do festival os nosos amigos e amigas non estean presos nas celas de tortura hebreas.

Un festival de clown con artistas de todo o mundo que paseasen as súas artes polas rúas, prazas e teatros de Ramala e Nablús, baixo a ocupación militar, levando risas e fraternidade aos campamentos de refuxiados, formando novas camadas de artistas de circo palestinos, (o verdadeiro circo pola liberdade) e capacitando axentes sociais nas técnicas de risoterapia a modo de vacúa contra o terror.

Un proxecto que nace do corazón e a conciencia e que, co traballo voluntario de todo o equipo do Festiclown, decenas de artistas de todo el mundo e voluntarios e voluntarias de varias cidades do estado español (Santiago, Barcelona, Pineda de Mar, Santa Coloma, Lanzarote, Ibiza, Zaragoza, Madrid, Tenerife, Mallorca...), fará posible tombar simbolicamente o muro da vergoña grazas á risa e ao circo.

Queridos amigos e irmáns do circo palestino: meses despois do noso encontro un enorme sentimento de fraternidade e cariño invádeme ao pensar en vós e nos días que pasamos xuntos. Moitas grazas por todo o cariño que recibimos e polo fermoso exemplo de resistencia creativa que nos dades. Ao regresar á casa volvin cunha idea moi poderosa na miña cabeza e no meu corazón: a de organizar un festival de clown en Palestina, con sede central en Ramala. No marco do festival tamén impartiríamos unha formación máis extensa e intensa sobre risoterapia...

Iván Prado, Barcelona xuño do 2009



MOMENTO ACTUAL DO PROXECTO

O FESTICLOWN EN CIFRAS

Para facer viable o proxecto abrimos as seguintes vías de financiamento e difusión:

- Recadación directa en festivais e programacións xa realizadas: 15000 €. Festiclown Vigo 2009, Magiclown 2009, Somriure per Palestina 2009 en Pineda de Mar. Festival por Palestina en A Coruña.
- Programacións e festivais proxectados no 2010: 15000 € Festiclown Vigo 2010, Magiclown 2010 e Risactiva El Sauzal.
- Proxectos pendentes de confirmar: 15000 €. O proxecto será realizar un concerto recadatorio e solidario en Vigo e outro en Barcelona provincia, e está en marcha o estudo de viabilidade dun Festiclown en Catalunya e outro en Andalucía.
- Edición de materiais audiovisuais: 3000 €. Edición do documental *Mashi Trasi que Trasi* presentado oficialmente no Festiclown 2009 e do cal xa se distribuíron 300 copias xunto ao libro das crónicas e fotos da viaxe.
- Difusión do Festival: o proxecto divulgouse a través dos nosos festivais a unha media de 25000 persoas.
- Presentacións realizadas na cidade de Barcelona e arredores do documental e do libro que explican o proxecto e está previsto realizar nos primeiros meses do 2010 unha xira de presentación que incluírá os seguintes destinos: Euskalherría, Valencia, Murcia, Galicia, Ibiza, Mallorca, Menorca, Tenerife, Lanzarote, Aragón, Madrid e Portugal.
- Reunións que seguimos mantendo con colectivos de circo e compañías de clown así como entidades sociais de Catalunya e Galicia.
- Presentación das solicitudes de subvención ao Ministerio de Cultura e ao de Ministerio de Exteriores.

O **Festiclown**, Festival Internacional de Clown de Galicia, nace 10 anos atrás dando en cada edición un paso máis ata chegar a converterse no que é hoxe en día: o festival de clown de referencia en toda Europa. Converteuse nunha cita única cos mellores espectáculos de clown e teatro de rúa así como unha grande plataforma formativa onde os/as mellores profesores/as de circo, clown, comedia etc. se dan cita nun mesmo tempo e espazo. Un evento cultural sen igual no que á programación e, sobre todo, á formación teatral se refire, cuxa marca de identidade é o espírito alternativo e solidario.

Os mellores clowns do mundo mostraron dende o principio o seu apoio a esta iniciativa impartindo cursos e/ou presentando ante o público as súas mellores e máis orixinais propostas teatrais. Grazas a todos eles cada edición viu como se incrementaba tanto a participación como o público asistente, o que se creou un ambiente especial e único en teatros e auditorios, rúas e prazas e se encheron de risas todos os espazos da cidade.

Actualmente, o **Festiclown** é unha auténtica plataforma do clown onde formación e diversión se dan a man, que aposta en cada edición por unha cultura solidaria, revolucionaria e crítica, capaz de chegar a todas as persoas e de axudar á creación dunha conciencia solidaria cos pobos máis desfavorecidos.

Cada ano o Festival pretende abrirse a todos os públicos, grandes e pequenos, expertos e afeccionados, mostrándolles un xeito alternativo de diversión e cultura. O prestixio de todos os actores e compañías participantes, tanto dentro das nosas fronteiras como fóra, logra que, durante unha semana, as rúas e teatros de Vigo acollan arriscadas propostas de clown e teatro de rúa que doutro xeito non terían cabida na programación cultural das nosas localidades.

O **Festiclown** entende que a cultura, ademais de ser participativa, comunitaria e creativa, debe ser tamén solidaria a través da colaboración con outras comunidades do mundo que sofren a penuria dos conflitos e a falta de recursos.

Dende Coperactiva Cultural-Culturactiva SCG, a cooperativa impulsora e xestora do Festival, pretendemos achegar un sorriso a estas zonas, de maneira que a cultura sirva como vía para mellorar as condicións de vida daqueles que máis o precisan.

O **Fondoclown solidario** foi creado co obxectivo de poder financiar cada ano un proxecto social naquelas zonas do mundo máis necesitadas de axuda. Durante estes dez anos o Festiclown apoiou economicamente distintos proxectos alternativos de carácter internacional en Comunidades Zapatistas de Chiapas (México), Universidade das Nais de Maio (Bos Aires-Arxentina), Palestina, Galicia etc.

FESTICLOWN EN GALICIA 10 ANOS DE RISAS



PALLASOS EN REBELDÍA



Pallasos en Rebeldía. Globalizando a esperanza

*Nestas serras fraguouse, sen lugar a dúbidas,
boa parte da revolta zapatista, comunidades
que tomaron terras, líderes perseguidos e
ocultados, guerrilla que atopa no inabarcable
do territorio o seu acubillo máis seguro, e é
aquí onde os Pallasos en Rebeldía e a súa
contraparte zapatista do Soyapas en Bereldía
fan o seu labor de terrorismo lúdico.*

*A chegada ás comunidades adoita ser sempre
espectacular ou pola fermosura da contorna
ou polo recibimento da xente, sobre todo dos
nenos e as nenas zapatistas.*

*Lokonuk non deixa de facer as súas bromas
cos pequenos da comunidade. Entre todos
facemos xogos, cancións que animan a
grandes e a pequenos, mesmo nunha das
comunidades sacamos os responsables da
comunidade e pais de familia a xogar ao
dragón que perseguía as colas doutros
dragóns. Alí rematamos todos polo chan
chorando de risa*

Iván Prado. Chiapas xaneiro `08

Pallasos en Rebeldía é un espazo do teatro galego, vinculado ao Festiclown, que traballa na cooperación internacional a través da risa. Esta entidade, que se creou en Chiapas no ano 2004 durante unha visita ás cataratas do río Bascán no contexto da II Caravana de Pallasos aos Municipios Autónomos de Chiapas, permite ás artes e ao teatro expresar a súa rebeldía en unión directa con proxectos de fraternidade humanitaria.

Neste novo século que vimos de inaugurar o pallaso, o clown, segue desempeñando un papel protector dos valores sociais máis humanos dentro das estruturas artísticas: a crítica social, o dereito á risa dos máis desfavorecidos e a superación dos nosos complexos mediante a gargallada son algunhas das achegas imprescindibles que esta expresión teatral verte a diario en calquera recanto do noso planeta.



Nestes 6 anos, son xa 7 as caravanas que organizamos a Chiapas, que deron lugar á creación da primeira compañía Indíxena Zapatista, "Os letrineiros", no Municipio autónomo de Akabhaná e ao documental de Anna Soldevila Caminando la risa que, xunto ao traballo en Chiapas, reafirmáronnos o camiñar da risa revolucionaria.

Tamén organizamos unha expedición de análise a Bolivia, colaboramos coas loitas sociais de Oaxaca e mandamos unha Caravana a Palestina. Durante este tempo traballamos man a man xunto a colectivos sociais do Estado Español como Galicia Non se vende, Barrikarma (Barcelona), La Garriga Societat Civil, Gong (Pineda de mar) e coa Plataforma de solidariedade cos pobos indios de México (Bilbo).

Organizamos actos e galas a favor do Sahara, de Palestina, da liberdade de opinión e a denuncia dos atentados a Leo Bassi.

No campo audiovisual realizamos dúas exposicións (Chiapas e Palestina) e financiamos e coproducimos dous documentais: Mashí Trasi que Trasi (Palestina, 2009) e Caminando la risa (Chiapas, 2008)

...Mentres nos preparamos para subir ao caracol zapatista de Oventic para participar no primeiro Festival da Digna Rabia que convoca o Exército Zapatista de Liberación Nacional (EZLN) en México –unha nova iniciativa desta guerrilla poética e transformadora que leva 15 anos construíndo un muro de contención ao neoliberalismo e á globalización–, teño a esperanza de que a sociedade civil tome as rúas e prazas de toda Europa e do resto do mundo para pedir que Israel cese cos ataques e para darlle unha oportunidade á paz verdadeira, a que se constrúe sobre a xustiza e a dignidade da xente. Teño esperanza porque, nestes intres, só me pododo agarrar a ela. Cando todo apunta ao desastre, só o entusiasmo e a esperanza poden achegar a luz necesaria para saber cal é o camiño. Estamos a punto de comezar unha xira por comunidades indíxenas en resistencia contra mal goberno mexicano e contra mal goberno do mundo, o mercado, pero no meu corazón e na miña cabeza xa comezaron os preparativos da próxima viaxe de Pallasos en Rebeldía a Palestina...

Crónica 0

**Iván Prado, 31 de decembro de 2008,
San Cristóbal de las Casas - México**

SOCIAIS

- Paliar sensiblemente as consecuencias psicolóxicas dunha guerra interminable.
- Fomentar as artes circenses como alternativa psicolóxica e social a unha economía de ocupación e conflito bélico eternizado.
- Capacitar axentes sociais nas técnicas da risoterapia como medida de loita contra a frustración, o odio indiscriminado e a depresión convertida en praga social.

OBXECTIVOS DO PROXECTO



CULTURAIS

- Fomentar os grupos locais de circo e clown.
- Fomentar a formación profesional entre os sectores teatrais e os incipientes colectivos circenses palestinos.
- Apoiar a celebración de "Xerusalén capital cultural do mundo árabe".



FRATERNALIS

- Construír unha ponte de esperanza e paz entre os pobos do mundo e o pobo palestino.
- Difundir a risa e a fraternidade humana a través de clown e o circo.
- Poñer corpo e alma ao lado do bando máis indefenso desta barbarie.





ESTRUTURA, DATAS E CONTIDOS

O Festiclown Palestina 2010 que se realizará entre a última semana de outubro e a primeira de novembro constará de 4 partes:

A: Terra a dentro:

- - Realizaremos actuacións de teatro de rúa, novo circo, clown e outros animais en prazas, canchas de baloncesto, aparcadoiros e demais territorios comanches. Actividades para grandes cantidades de público convocadas a través dos pasarrúas musicais e zancudos.
- Realizaranse estas actividades pola tarde, de luns a xoves en Ramala e o sábado e domingo en Nablús.
- Colocaremos estruturas de aéreos, equipos de música e sinxelas escenografías adaptadas á rúa, de bancadas usaremos o chan, os valos, os muros e as cadeiras que a xente traía amablemente das súas casas.

B: Saltando o muro:

- Visitarán os campamentos de refuxiados de Cisjordania pequenas delegacións, dende Betlhem ata Qualquilya, e pasarán por Hebrón e Yenín, durante toda a semana que dure o Festiclown.
- Realizaranse actuacións e talleres de malabares, acrobacia, clown e risoterapia.
- Poderán realizar breves accións artísticas de resistencia pasiva diante do muro da vergoña e os checkpoints hebreos (as delegacións que o decidan).

C: E a nave vai:

- Realizaranse talleres de formación intensivos de 12 a 20 horas en Ramala e Nablús con técnicas de clown, aéreos, movemento cómico, mimo etc., durante esa semana, con persoas chegadas dende toda Cisjordania que serán transportadas e aloxadas pola organización.
- Impartiranse tamén módulos de formación en risoterapia para profesionais da saúde e a educación.
- Daranse, cada mañá, talleres de tres horas para nenos e nenas en diversas técnicas circenses.

D: Corazón de león:

- Realizaranse galas cos artistas de maior recoñecemento internacional nas tres cidades: Jerusalén (mércores), Ramala (xoves) e Nablús (sábado).
- Terán unha especial presenza nestes actos os grupos circenses e musicais palestinos.
- Asistirán tamén poetas e intelectuais palestinos.
- Promoveranse, ó redor destas galas, encontros entre os aritos e intelectuais palestinos e os asistentes internacionais ao Festiclown.
- Darase unha conferencia aberta á prensa a cargo dos artistas da gala en cada cidade.



ARTISTAS QUE APOIAN

Entre os artistas que mostraron a súa solidariedade e apoio artístico atópanse:

Niky García (Venezuela)
Mundo Mandarin (Argentina)
Toni Albá (Catalunya)
Amparanoia (Madrid)
Good Idea Company (Castilla La Mancha-Suecia).
Manuela Gracián de "Circoxidado" (Catalunya)
Cómica Espectacles (Eivissa-Ibiza)
Lluna Albert (Valencia)
Antón Valén (Murcia)
Os 7 Magníficos +1 (Galicia)



ARTISTAS QUE ASISTIRÁN

Entre os artistas que propuxeron a súa presenza atópanse:

Leo Bassi (EE.UU-Italia)
Elliot (Bélgica)
La bandita Alegre (Chile)
Jorge Blas (Madrid)
Azulkillas (Euzkadi)
Alba Sarraute (Catalunya)
Peter Punk (Galicia)
Coul Broders (Castilla la Mancha-Galicia)



ENTIDADES QUE COLABORARON

Ayuntamiento de Vigo (Galicia)
Ayuntamiento de Sant Josep (Eivissa-Ibiza)
Ayuntamiento del Sauzal (Tenerife).
Colectivo Gong (Catalunya).
Festival Internacional de Galicia.
Festiclown (Galicia)
Trobada Internacional de Cala de Bou
Magiclown (Eivissa-Ibiza)
Fira Magica de Santa Susanna (Catalunya)
Festival Risactiva (Islas Canarias)
Colectivo Galiza x Palestina.
Casa Palestina de Barcelona

ENLACES

Páxina do Festiclown

<http://www.festiclown.org>

Páxina de Pallasos en Rebeldía

<http://www.pallasosenrebeldia.org>

Páxina de Coperactiva Cultural

<http://www.culturactiva.org>

Tráiler do documental da expedición de Pallasos en Rebeldía

<http://www.youtube.com/watch?v=h9peLkuhRuo>

Libro e DVD editado para recadar fondos

<http://issuu.com/perla28/docs/mashi?viewMode=magazine>

Festival Magiclown

<http://www.magiclown.org>

Fira Magica

<http://www.firamagica.com>

Circo Palestino de Ramallah

<http://www.palcircus.ps>

Human Supporters de Nablús

<http://www.humansupporters.org>





festi
NO



pallasos en
rebeldia

ORGANIZAN